

BEB

BASES DO CONCURSO REACCIÓN POLO CLIMA**DIRIXIDO Á XUVENTUDE DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA, ANO 2020**

Cada 24 de outubro conmemórase en todo o mundo o Día Internacional Contra o Cambio Climático, unha celebración instaurada pola Organización das Nacións Unidas para paliar os devastadores efectos que se están producindo nos últimos anos en todo o planeta.

Na actualidade hai 1.800 millóns de persoas entre 10 e 24 anos de idade, que constitúen a xeración de mozas e mozos máis grande da historia. Preto do 90 % viven en rexións en desenvolvemento, onde son a poboación máis numerosa. Estas cifras irán en aumento ata o 2030, cando preto de 1.900 millóns de mozas e mozos cumprirán 15 anos. Conectada entre si coma nunca antes, a xuventude quere contribuír (e xa o fai) á resiliencia das súas comunidades, propoñendo solucións innovadoras, xerando progreso social e inspirando cambio político. Tamén son axentes de transformación, xa que contribúen ao avance dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) para mellorar as vidas da xente e a saúde do planeta.

Se se lles provee das habilidades e oportunidades necesarias para desenvolver o seu potencial a mocidade pode ser unha forza de apoio para o desenvolvemento e para contribuír á paz e a seguridade.

As organizacións dirixidas por mozas e mozos necesitan ser fomentadas e empoderadas a participar na posta en práctica de políticas públicas de maneira local, rexional e nacional da Axenda 2030. A xuventude xoga un papel significativo na implementación, vixilancia e revisión da Axenda, así como en responsabilizar os gobernos. Con compromiso político e recursos adecuados a mocidade ten o potencial de facer máis efectiva a transformación do mundo nun lugar mellor para todas as persoas.

O cambio climático é o maior desafío do noso tempo e agora atopámonos nun momento decisivo. Desde pautas meteorolóxicas cambiantes, que ameazan a produción de alimentos, ata o aumento do nivel do mar, que incrementa o risco de inundacións catastróficas, os efectos do cambio climático son de alcance mundial e dunha escala sen precedentes. Se non se toman medidas drásticas desde hoxe será máis difícil e custoso adaptarse a estes efectos no futuro.

Como sinalou António Guterres, secretario xeral da Organización das Nacións Unidas, "(...) Pero hai outra profunda emerxencia: a crise ambiental que se está producindo no planeta. A biodiversidade está en pronunciado declive.

As perturbacións do clima están a achegarse a un punto de non retorno.

Debemos actuar con decisión para protexer o noso planeta tanto do coronavirus coma da ameaza existencial das perturbacións climáticas.

A crise actual é unha chamada de advertencia sen precedentes.

Necesitamos converter a recuperación nunha verdadeira oportunidade de facer o correcto para o futuro (...)"

Neste contexto a mocidade ten moito que dicir, polo que a Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, convoca a primeira edición do concurso Reacción polo Clima, que se rexe polas seguintes:

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Aprobar as bases reguladoras da primeira edición do concurso Reacción polo Clima, que ten como finalidade promover a loita contra o cambio climático a través de manifestacións artísticas visuais e, deste xeito, potenciar o talento da mocidade e amosar as súas reivindicacións neste eido.

Segunda. Persoas destinatarias

Poderán optar a estes premios as persoas físicas e xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

- **Persoas físicas**
 - Ter unha idade comprendida entre os 16 e os 30 anos na data de presentación da solicitude
 - Estar empadroadas en calquera dos concellos da provincia de Pontevedra
- **Persoas xurídicas**
 - Ser entidades sen ánimo de lucro que teñan a súa sede social na provincia de Pontevedra
 - Ser polo menos o 50 % dos membros da súa xunta directiva persoas físicas con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos

Terceira. Premios e formato

3.1. Os premios convocados están dotados cun importe de dous mil (2.000,00) euros:

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

3.2. Os traballos serán en formato audiovisual, e admitirase calquera tipoloxía empregada pola mocidade nas redes sociais ou medios de difusión de natureza similar (por exemplo, Instagram, TikTok, Youtube etc.).

3.3. A duración máxima do vídeo será de cinco minutos.

Todos os proxectos deberán ser inéditos.

3.4. A institución provincial queda eximida de calquera responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outra transgresión da lexislación vixente relacionada coa propiedade intelectual na que poidan incorrer as persoas participantes.

Cuarta. Orzamento

A contía consignada para estes premios ascende a dous mil (2.000,00) euros, con cargo á aplicación 20/231.2311.481.01 do Orzamento provincial.

PROCEDIMENTO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PROXECTOS

Quinta. Prazo e lugar de presentación de solicitudes

5.1. As persoas interesadas en participar poderán presentar a súa solicitude, preferiblemente por vía electrónica, a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, <https://sede.depo.gal>.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

5.2. Opcionalmente (no caso de persoas físicas), as solicitudes poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en formato PDF, que se deberá imprimir e asinar para a súa presentación presencial.

5.3. As bases publicaranse conxuntamente co seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) e na Base de Datos Nacional de Subvencións. O prazo de presentación das solicitudes e proxectos será de 15 días hábiles a partir do día seguinte ao da súa publicación.

5.4. Admitirase só unha solicitude por cada persoa física ou xurídica participante.

Sexta. Comprobación de datos

6.1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas físicas ou xurídicas solicitantes

- NIF das persoas representantes, de ser o caso
- Certificado de residencia das persoas físicas solicitantes
- Domicilio fiscal, no caso de persoas xurídicas

6.2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

6.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención destes datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Sétima. Documentación

As persoas interesadas deberán achegar a solicitude de iniciación dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra. Nesta solicitude as persoas interesadas deberán indicar a URL de acceso de descarga dos contidos do proxecto que opte aos premios.

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

8.1. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferiblemente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente (no caso de persoas físicas)tamén se poderán tramitar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8.2. Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), requiriráselle á persoa interesada, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráselle que, de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Novena. Proxectos excluídos

Quedan excluídos do concurso:

- Os proxectos que non cumpran os requisitos establecidos nas bases segunda e terceira
- Aqueles con contidos que poidan atentar contra a imaxe, intimidade e honor das persoas ou institucións
- Os que sexan discriminatorios desde o punto de vista do xénero e/ou da raza
- Os que empreguen imaxes de menores con contidos que poidan ser constitutivos de delito

Décima. Xurado

10.1. A selección e concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizarase segundo a proposta dun xurado nomeado e presidido pola presidenta da Deputación ou pola deputada ou deputado en quen delegue.

O xurado estará integrado por representantes da Deputación dos servizos de Cohesión Social e Xuventude, Comunicación Institucional e Medio Natural , que axustarán a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Na composición do xurado procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes.

En todo o non previsto nestas bases o xurado queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos que se estimen necesarios para o efecto.

10.2. A composición do xurado farase pública na páxina web da Deputación de Pontevedra, www.depo.gal, unha vez finalizado o prazo de presentación de proxectos.

As decisións do xurado son inapelables.

Unha vez revisadas as solicitudes polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude, as que non cumpran os requisitos establecidos nestas bases non serán admitidas a trámite e ditarase a oportuna resolución. As demais solicitudes remitiránselle ao xurado, que examinará e valorará as diferentes obras, propoñerá a adxudicación dos premios e redactará a proposta de resolución, que quedará recollida nunha acta.

Décimo primeira. Publicación de actos

A resolución derivada da decisión do xurado farase pública no BOPPO, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.

Así mesmo, tamén se publicará na páxina web da Deputación de Pontevedra, www.depo.gal.

Décimo segunda. Proxectos premiados

Os proxectos premiados quedarán en posesión da Deputación, que poderá levar a cabo as accións que considere oportunas para a súa difusión, e sempre fará constar a autoría.

As persoas participantes aceptan, coa presentación dos seus proxectos a estes premios, a colaboración con esta institución nas accións de difusión que se organicen e a cesión dos dereitos de edición á Deputación.

O feito de participar nestes premios supón a autorización das persoas participantes para expoñer, reproducir ou publicar a imaxe ou o contido das obras presentadas por calquera medio que se estime oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

Con posterioridade á publicación da resolución derivada da decisión do xurado, as persoas gañadoras deberán achegar a certificación do número de conta bancaria na que se ingresará o importe de cada un dos premios. Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 101 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto da renda das persoas físicas, a retención que se lles practicará ás persoas premiadas que sexan persoas físicas será do 15 % do importe.

No suposto de ser menor de idade, a nai, o pai ou a persoa que exerza a titoría legal deberá indicar que autoriza a Deputación ao pagamento do premio, no caso de que se lle concedese.

Décimo terceira. Proxectos non premiados

A devolución dos proxectos presentados e non premiados efectuarase, a petición das súas autoras ou autores ou das persoas debidamente autorizadas, no prazo dun mes, contado desde o momento en que se faga pública a decisión do xurado.

Unha vez transcorrido ese prazo sen que estes se retirasen, entenderase que as súas autoras ou autores renuncian á súa devolución en favor da Deputación, que poderá destruílos ou darlles o destino que considere máis oportuno.

Para a retirada dos proxectos, que será sempre por conta da autora ou autor, deberá acreditarse a titularidade do proxecto solicitado mediante a presentación do DNI; no caso de que o recolla unha persoa distinta, esta deberá estar debidamente autorizada pola candidata ou candidato e terá que presentar un escrito de autorización e exhibir o DNI de ambas as dúas persoas.

Décimo cuarta. Incumprimento das bases

A falsidade nos datos achegados polas persoas participantes no concurso dará lugar á exclusión inmediata do proxecto presentado. Se esta falsidade se puxese de manifesto con posterioridade á resolución do concurso e o proxecto afectado resultase premiado, o premio obtido quedará sen efecto e procederase, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas por tal concepto.

Décimo quinta. Autorización para a difusión de imaxes

No formulario de solicitude as persoas solicitantes poderán autorizar ou denegar expresamente a toma de imaxes que se poidan realizar na entrega dos premios (se se tratase dun acto público), que poderán ser obxecto de publicación por parte da Deputación de Pontevedra.

Décimo sexta. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral, dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.